


A chamada:

## **Seta antialcohólica:** ( *Coprinus atramentarius* )



DEBUXO: DANIEL FUSTES ALONSO 4º ESO A

### Características:

- Ten o sombreiro branco, laminado, con restos do ovo que formaba antes de medrar.
- O talo é, xeralmente, curto e non moi grosso.
- Dáse en prados, xardíns e esterqueiras.
- É comestible, pero en presenza do alcohol, produce reaccións alérxicas por causa da coprina que posúe.

Segundo teño entendido, a seta antialcohólica ( *coprinus atramentarius* ) produce, en presenza do alcohol, unha serie de reaccións alérxicas: coloración da pel, mareos, vértigos, vómitos, descomposición intestinal, mal estar xeral...

Contan as malas linguas que esta seta é o resultado dun conxuro que un destes bruxos de antes botara sobre outro tipo de coprinus – o coprinus comatus –, que ten as mesmas características que o anteriormente citado.

Seica o tipo estaba farto de aguantar a un fulano e ós seus amigos; estes, bebían ata estoupar e logo, ían á casa do bruxo botarlle pestes. Vese que non o querían ben...

O bruxo inda os ía aturando, pero un día, puxérono a parir de máis e este fartouse; colleu o fulano e decidiu enmeigar unha especie de cogumelo que o tipo e os seus amigos adoitaban tomar para acompañalo viño. Naceu a nova seta: o atramentarius.

¡Seica foi moito! O home avisáraos: ¡Non bebedes máis, que despois non vai haber quen vos ature!. Pero eles nada, seguironlle a dar: unha de coprinus, unha xerra de viño; tres de coprinus, unha ducia de xerras de viño... Iso era o mellor; beber ata estoupar e logo, “festa rachada”; collían cara a casa do vello, ían abaneándose polo camiño, pero nada, non importaba; o caso era poñer-lo vello bruxo a parir, zouparlle ás súas ovelas, romper os seus cristais... ¡tíñanlle unha xenreira brava! Logo, ó día seguinte, desculpábanse e dicían estar bébedos, pero eles ben sabían que, ó dála volta o vello: cinco de viño, tres de coprinus; oito de viño, sete de coprinus..., e ala, ¡ata a noite vello porco!

Seica esta noite foi distinto; os borrachuzas chegaron á porta do bruxo ás tres da mañá; pero algo xa parecía ir mal; un comezou a trocar de cor, a marearse, mentras os outros se rían del; ¡nin a primeira pedra tiraron!, ós poucos minutos, ríos de esterco parecían correr pola horta do vello, os homes coma porcos rebizados na súa salsa, fuxían dalí deixando o seu rastro nunha liña que marcaba a dirección que seguían... ¡Puxéronse a morrer!...

Seica pronto deixaron de beber ¡Escarmentaron! E polo menos, por un mes non volveron poñer a mesma roupa, que lavado tras lavado ulía coma antes. En can-

ISRAEL IGLESIAS PENA 4º ESO A